



A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) rexeita a conversión do Monte Pituco, en San Xulián de Marín, en espazo destinado a chan industrial, e apoia aos veciños e veciñas que tampouco aceptan esta proposta elevada polo Concello de Marín á Xunta de Galicia.

Para a APDR, o Monte Pituco é un espazo natural que ten que se protexer polo seu valor ambiental, paisaxístico e arqueolóxico, uns valores que cómpre conservar e mesmo potenciar se queremos aspirar a ter un desenvolvemento sustentábel para a zona, un desenvolvemento que ten que vir da man da explotación racional dos recursos naturais e que non pode esquecer o dereito ao lecer e á paisaxe; neste sentido, a APDR entende necesario poñer en valor a riqueza forestal da zona e a do patrimonio rupestre que nela se atopa, o que non só vai repercutir nunha mellor calidade de vida para a súa xente, senón tamén nunha maior riqueza económica para a comarca.

Polo tanto, desde a APDR instamos á Comunidade de Montes en Man Común de San Xulián a posicionarse en contra do proxecto de creación de superficie empresarial e/ou industrial no Monte Pituco e a defender o carácter especial deste espazo, solicitando do Concello de Marín que non leve adiante este proxecto de destrución deste valioso espazo natural e dispoña outra alternativa con menor custe social e ambiental para a dotación de chan industrial á comarca de Marín.

En Marín, a 12 de xaneiro de 2010

Asinado: Antón Masa Vázquez

en representación da Asociación Pola Defensa da Ría.